

ESPECIAL ANPAS



2023 - 2024

Somos BUSEANDOPORGALICIA, unha axencia de viaxes especializada en excursións culturais ou de experiencias en grupo, con Nº de Autorización: XG-611. Dirixímonos a vostedes para presentarvos unha serie de propostas de posibles actividades para a vosa comunidade educativa. Eiquí móstranse en liñas xerais xa que as propostas son adaptables en canto ao itinerario, o tamaño do grupo ou as datas de realización. Trátase dunha idea pincelada que coa vosa solicitude se convertería nunha proposta definitiva con forma e contido. Non dude en poñerse en contacto con nós para calquera dúbida ou suxestión. Ademais queremos indicarlle que somos unha axencia de viaxes totalmente formalizada nos aspectos legais e administrativos vixentes. Traballamos coas mellores compañías aseguradoras e de transporte, contamos con guías y acompañantes de viaxes profesionais, e colaboramos coas mellores maioristas en canto a liñas aéreas e aloxamentos.

Déixate Viaxar !!!



ECOPARQUE DE MARÍN

Divertido e instrutivo día en familia onde @s miúd@s poderán gozar de múltiples actividades ao aire libre, entre a que destacan os circuitos arbóreos, as tirolinas e os paseos en cabalo



VIASCON: ECOPARQUE ATALAIA

Días de ocio e diversión en familia nun dos Ecoparques máis populares de Galicia. Decenas de actividades que farán as delicias de pequen@s e maiores, entre as que destacan: Escape Rooms, descenso en kayak, paintball familiar, paseos en cabalo ou tiro con arco



PENA AVENTURA PARK EN VILA REAL

Vila Real e o seu increíble Pena Aventura Park – con actividades para tod@s – convertérase nunha experiencia inesquecible para toda a familia. Ofertan unha múltiple cantidade de actividades tanto individuais como packs



PARQUE ARQUEOLÓXICO CAMPO LAMEIRO

No Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro, aprendizaxe e diversión van da man. Amplas doses de entretemento e novos descubrimentos culturais sorprenderán a miúd@s e maiores. Algunhas das actividades de ocio en familia son: Escape Rooms, visitas guiadas, rutas coñecendo a natureza ou obradoiros familiares



ACTIVIDADES NÁUTICAS NO BARBANZA

Natación, kayak, windsurf... o Barbanza e as súas costas serán a mellor opción para @s amantes dos deportes acuáticos. Sol, mar e diversión están só a un paso! A múltiple oferta de actividades de auga son: Escola de Windsurf, cursos de iniciación e perfeccionamento de natación, kayak ou paddle surf



FESTAS NOS CENTROS ACADÉMICOS

Preparación de festas e eventos para os vosos centros educativos, servindo como exemplo festas da escuma, inchables, ou espectáculos de maxia ou circenses. Se o podeses soñar, nós podémolo organizar!




AGROTURISMO: GRANXEIR@S POR UN DÍA

Ecoagroturismo: a mellor forma de dar a coñecer e concienciar @s miúd@s no coidado e respecto polo noso medio natural e rural. Actividades e comida saudable en plena natureza. Poderedes desfrutar de: Granxa e horta, airo con arco, comida con produtos da granxa, exposición dunha casa do rural galego ou paseo a cabalo



TEMPO EN FAMILIA

Diversos talleres e actividades que unirán á familia e os farán gozar de momentos de aprendizaxe e diversión en común, tales como talleres de cociña para nen@s e país, danza en familia, iniciación á técnica teatral, cursos de Primeiros Auxilios, talleres de Musicoterapia ou exercicio en familia



CAMPAMENTOS DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA

Aprender e divertirse non están confrontados. Cos campamentos urbanos de inmersión lingüística, pequen@s e adolescentes pasarán grandes momentos de entretenemento á par que se empapan dunha nova lingua. Actividades en Inglés para que @s nen@s se divirtan ao mesmo tempo que aprenden a lingua



RUTAS DE SENDERISMO

Saudables rutas pola natureza que achegarán a maiores e pequen@s aos espazos naturais máis sorprendentes do panorama galego. Algunhas das máis populares son Fragas do Eume, Fervenza do Ézaro, Paseo dos Xigantes, Sendeiro Azul de O Torno ou Paseo de Candieira




XORNADA NA NEVE

Día marabilloso nun increíble entorno nevado gozando de momentos de «diversión xeada» en familia ou coas amizades. En Galicia ou preto deka, contamos con portos de montaña tales como Cabeza de Manzaneda, San Isidro ou Pajares



RIBEIRA SACRA

Un río, dúas provincias e unha xornada excepcional: atrevédevos a descubrir a maxia da Galiza interior nun día que será recordado por tod@s. A excursión podería contar con un Paseo en Catamarán e unha visita ao Museo do Ferrocarril en Monforte



ENTROIDO GALEGO

Xornada de festa, disfraces e entretenemento nunha das celebracións máis esperadas e peculiares da nosa Comunidade Autónoma. Día de diversión a elixir entre os entroidos de Xinzo de Limia, Verín, Viana do Bolo, Cobres, Laza, Manzaneda, Xenerais da Ulla, Maceda ou Vilariño de Conso, entre outros



PERLIM EN FAMILIA

Perlim, Parque Temático de Nadal en Portugal, onde os soños de Nadal se transforman en realidade. Ilusión, fantasía e horas de xogo e diversión farán deste un día difícil de esquecer



NADAL GALEGO EN FAMILIA

Maxia e fantasía de Nadal nun dos maiores espectáculos luminosos da nosa terra, as Luces de Vigo serán a opción perfecta para desfrutar en familia c@s máis pequen@s. ademáis podemos acercarnos ao famoso Belén de Valga



COÑECENDO AS ILLAS

As Illas Cíes, Ons, Sálvora ou Cortegada; Natureza, mar, sol, praia e moita historia son só algunhas das calidades que fan das Illas galegas un espazo único e incomparable no Universo. Atrévédevos a coñecelas!



COÑECENDO OURENSE

Ourense: cultura e relaxamento ao alcance de tod@s. A terra das sensacións que enfeitizará tódolos sentidos!
Nesta excursión contaremos cunha parada nuns baños termais e no Mosteiro de Oseira



RUTA DOS FAROS DE GALICIA

Saudables rutas pola natureza que achegarán a maiores e pequen@s aos espazos naturais – e non tan naturais – máis sorprendentes de Galiza. Algúns dos puntos de interese que forman este itinerario son: Cabo Ortegal, Miradoiro de Vixía Herbeira, San Andrés de Teixido, Cabo de Estaca de Bares ou os Acantilados de Loiba



GALICIA ARQUEOLÓXICA

Xornadas familiares de ocio e cultura visitando e coñecendo o patrimonio arqueolóxico galego máis relevante. Os lugares máis importantes son: Castro de Baroña, Castro de Borneiro, Dolmen de Dombate, San Cibrao de Las, Aquis Querquenis, Campamento romano da Cidadela, Castro da Cidá, Castros de Neixón; Muralla de Lugo, Castro de Viladonga, Castro de Armea, Castro de Elviña, Castros de Fazouro, Castro de Santa Trega, Dolmen de Axeitos, Facho de Donón ou Petróglifos de Mogor



COÑECE GALICIA

Excursións de un día ás principais vilas e cidades galegas coñecendo os seus edificios e monumentos máis destacados. A Coruña: Torre de Hércules, Domus, Aquarium,... Lugo: muralla, Domus do Mítreo, Catedral de Lugo,... Ourense :Ponte Romana, Catedral de Ourense,... Pontevedra: Museo Arqueolóxico, Basílica de Sta. María a Maior, Capela da Virxe Peregrina,... Santiago de Compostela: Catedral de Santiago, casco histórico,...



PRAIA DAS CATEDRAIS

Excursión dun día á praia das Catedrais e os acantilados de Loiba. Unha contorna e unha paisaxe galegas, únicas e inigualables, que deixarán coa boca aberta a grandes e pequen@s



BAIONA

A vila da arribada da Pinta fará as delicias de quen se achegue a descubrir a súa gran historia e o seu espectacular casco histórico repleto de grandes monumentos. Visita á replica dunha embarcación, á fortaleza de Monterreal, á Virxe da Rocha e ao Museo Casa da Navegación



DESCUBRE CANTABRIA

Incríbel viaxe por terras cántabras no que natureza e cultura, se xuntan a unha ampla oferta de actividades, configurando unha viaxe difícil de esquecer. Posible visita a: Cova – Museo de Altamira, Parque da Natureza de Cabárceno, piscifactoría e granxa de aves domésticas en Piscisaro, fútbol burbulla e paintball en Pando, taller de Sobaos Joselín, ou paseo en barco ata o Faro do Cabalo



DESCUBRE ASTURIAS

Fantástica viaxe de aventura en Asturias, onde diferentes actividades deportivas e culturais encantarán a tod@s. posible visita a: descenso en canoa polo Sella, Parque Aventura, visita á Cova – Museo de Arenas de Cabrales ou visita e ruta polos Lagos de Covadonga



PARÍS E DISNEYLAND

A Cidade das Luces será o destino perfecto para viaxes en familia ou de fin de curso. A capital francesa oferta un sen fin de opcións culturais e a posibilidade de gozar dun parques de atraccións máis famosos do mundo: Disneyland. Visítade e coñecedes os principais espazos e monumentos da cidade ao mesmo tempo que gozades da experiencia do Parque Disney



DIVERSIÓN EN ALEMAÑA

Alemaña ofrece a oportunidade de coñecer e gozar de dous dos parques temáticos máis especiais de Europa: Playmobil – Funpark e Legoland. Aquí, os soños e fantasías, de maiores e pequen@s, poderán ser construídos peza a peza



MADRID CULTURAL E FESTIVO

Madrid é un destino que nunca defrauda: Gozade dunha viaxe diferente no que cultura, historia e tradición se fusionan con centos de actividades de ocio e entretemento que esta cidade e os seus carismáticos barrios ofertan. Posible visita a: Palacio Real, Museo do Prado, Templo de Debod, etc. Entrada ao Parque de Atraccións ou ao Parque Warner, ou un espectáculo musical



OS SEGREDOS DE OURENSE

Ourense: paisaxe, historia, cultura e gastronomía ao alcance de tod@s. A terra que enfeitará tódolos sentidos! Posible visita a: Baños de Molgas, Xunqueira de Espadañedo, Mosteiro de Montederramo, Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, San Pedro de Rocas ou Museo Olería Niñodagua



AS MÉDULAS PARA TOD@S

Unha das maiores contornas paisaxísticas do país está á espera de ser descuberta pol@s máis intrépid@s aventureir@s. Natureza, aire libre e cultura agrúpanse para sorprenden a toda a familia. Fin de semana en Ponferrada con visita ao Castelo dos Templarios, ao pobo de Peñalba de Santiago e ruta polas Médulas con acceso á Galería de Orellán



DE PARQUES ACUÁTICOS

Auga e xogos nun mesmo espazo. Miúds e maiores poderán gozar dunha increíble xornada nalgún dos parques acuáticos máis senlleiros de Galicia e Portugal: o de Cerceda, o de Amarante, o de Fafe ou o Naturwater Park. Tobogáns e diversión por un tubo!



COÑECENDO A FAUNA

Nestas magníficas excursións ofrecemos a oportunidade de coñecer e ver de cerca algún dos animais favoritos d@s máis pequen@s, xa sexan terrestres ou acuáticos. O Acuario Finisterrae da Coruña, con máis de 300 especies diferentes, o acuario do Grove ou o Avifauna, con 200 especies de aves dos cinco continentes, serán algúns dos enclaves elixidos para compartir momentos de diversión e aprendizaxe



VAMOS DE BALNEARIO

Con máis de 3000m² dedicados ao relax, o Palacio da Auga de Mondariz é un gran SPA pensado para gozar tanto de maneira individual, como en parella, en grupos ou c@s nen@s dunha fin de semana de lecer a través da auga. Esta experiencia será unha gran opción para toda la familia



BOSQUE ENCANTADO DE ALDÁN

Con esta proposta estamos ante unha excursión máxica e a oportunidade perfecta de vivir momentos de fantasía e ilusión c@s máis pequen@s. Deste xeito aproximaremos ao famoso Castelo de Aldán situado no Bosque Encantado, un entorno idílico e cheo de lendas que farán soñar a toda a familia



PASSADIÇOS DO PAIVA EN FAMILIA

Nesta sorprendente viaxe destinada á toda a familia, achegáremosvos a unha das contornas naturais máis impresionantes de Portugal: Passadiços do Paiva. Aquí, ademais de desfrutar das súas idílicas paisaxes a través dun sendeiro que brindará vistas únicas, poderase visitar e recorrer a espectacular Arouca Bridge de 516m de lonxitude. Non vos deixará indiferentes!

